

RECOMENDACIÓNS DE LECTURAS PARA NADAL

BIBLIORIBEIRA (IES Ribeira do Louro-Porriño)

14/12/2018





NOVELAS PARA ADULTOS



- **La ley del menor**, de **Ian McEwan** (ed. Anagrama). Unha xueza de idade madura e nun momento difícil da súa vida persoal ten que ocuparse dun caso relacionado cun menor (a piques de cumprir os 18) que constituirá todo un dilema ético e moral ao ter que elixir entre a fe e a xustiza para tomar unha decisión que conlevará imprevistas consecuencias. Novela de estilo áxil e ben narrada cun final inesperado. En novembro de 2018 estreouse a película 'El veredicto', baseada nesta novela e que o propio McEwan adaptou.
- **A nena do abrigo de astracán**, de **Xabier P. DoCampo** (ed. Xerais). Novela realista ambientada na Galicia de posguerra na que o cinema ten un protagonismo esencial: cada capítulo leva o título dunha película que lle vai servir a un dos personaxes centrais da novela, unha nena que observa e sofre a realidade para coñecer o mundo real que se lle oculta.
- **Rendición**, de **Ray Loriga** (ed. Alfaguara). Premio Alfaguara de novela 2017. É unha alegoría kafkiana e orwelliana da nosa sociedade, hiperconectada e inmersa nas redes sociais, e exposta á mirada de todos, dentro dunha cidade de cristal onde o ser humano, desprovisto xa de intimidade, de medo e inmerso no conformismo, é vixiado e controlado polo poder e en definitiva, por todos nós. Novela distópica, orixinal nos seus plantexamentos, de estilo sinxelo e reflexiva que non nos deixará indiferentes.
- **O rapaz que nunca existiu**, de **Sjón** (ed. Rinoceronte). Ambientada na Islandia de finais da Iª Guerra Mundial, que acaba de obter a súa independencia e que observa con temor a chegada da gripe española, a novela narra as vivencias dun adolescente orfo que vive clandestinamente a súa homosexualidade nun ambiente homófobo. O mundo interior do protagonista só se ilumina coa

descuberta do cine e coa admiración que sente por unha rapaza coa que percorre Reykjavík, a cidade máis triste e abatida do mundo.

▪ **Del color de la leche**, de **Nell Leyshon** (ed. Sexto Piso). Unha homenaxe á literatura e a importancia da escritura. A novela sitúase na Inglaterra rural de 1830 e a súa protagonista, Mary, unha nena de 15 anos discapacitada e co cabelo da cor da leite, cunha vida gris e dura, case animalizada, verá cambiar a súa existencia cando aprende a ler e a escribir ata ser ela mesma quen nos conta, con todas as súas dificultades, a súa devastadora historia. Moi recomendable.

▪ **O meu nome non é ningún**, de **Manuel Esteban** (ed. Xerais). Novela policial de ritmo vertixinoso, con xiros nada previsibles, que se pode ler como un manual de filosofía para perdedores no que se apela aos porqués da soidade do ser humano.

▪ **La habitación**, de **Jonas Karlsson** (ed. Salamandra). Novela breve case surrealista contextualizada no mundo empresarial non exenta de humor e de inqueda tamén, onde a realidade e a imaxinación próxima á loucura mesturáranse ata facernos dubidar. Trata do compañerismo, da competencia no traballo e da necesidade dun espazo no que sentir a liberdade e a inspiración a soas.

▪ **Principio de incerteza**, de **Pilar Ortega** (ed. Xerais). Novela curta que nos fala da relación dunha docente cunha alumna e plantexa ata que punto debemos implicarnos nos problemas persoais do alumnado. No relato mestúrase a física coa literatura para contarnos unha historia relativa ao maltrato.

▪ **Leonora** de **Elena Poniatowska** (ed. Seix Barral). Premio Biblioteca Breve 2011. A autora, premiada co Cervantes no 2013, relátanos a vida apasionante dunha excepcional muller, Leonora Carrington, pintora surrealista na época das vangardas históricas da primeira metade do século XX. Para ler sen presas e sen fame argumental para disfrutar da súa boa prosa.

▪ **Non o saben as estrelas**, de **Diego Alfonsín** (ed. Xerais). XXIV Premio Manuel Lueiro Rey de Novela Curta. Novela moi recente, é un retallo de voces que narran historias nun hostel de cuartos compartidos no centro da cidade de Lisboa.

▪ **La ridícula idea de no volver a verte**, de **Rosa Montero** (ed. Seix Barral). Premio Nacional de las Letras 2017. A autora mestura a biografía de Marie Curie nos aspectos máis descoñecidos cos recordos da súa propia vida, que teñen como elemento común a presenza da dor, da enfermidade e da morte. Fálanos da forza salvadora da literatura para superar o insuperable e da sabedoría dos que aprenden a vivir con lixereza. Inclúe fotos, citas e frases cheas de experiencia vital e de humanidade.





- **Unha historia detectivesca de dobre canón**, de **Mark Twain** (ed. Kalandraka). Noveliña breve que nos conta unha das historias do famoso Sherlock Holmes, esta vez localizada nun campo mineiro onde terá lugar, como non, un asasinato.
- **A porta dourada**, de **Xelís de Toro** (ed. Xerais). Novela de aventuras e de superación persoal, pero tamén cunha componente lúdica que recorre ao xogo coa linguaxe, co “galego mollado”. A partir de dez anos pero que tamén poden ler os máis peques polos seus simpáticos e coridos debuxos. É unha homenaxe á imaxinación, á creatividade e á necesidade que temos de contar contos...
- **O caso do falso accidente**, de **Jordi Sierra i Fabra** (ed. Galaxia, Costa Oeste). É a primeira novela onde Berta Mir, unha moza de dezaioito anos, terá que moverse polos perigosos ambientes de Barcelona para investigar os casos que levaba o seu pai antes de sufrir un intento de asasinato.
- **El gran sueño**, de **Jordi Sierra i Fabra** (ed. Loqueleo- Santillana). Novela xuvenil moi entretida que poden ler os adultos tamén. Cóntanos unha historia da emigración ben documentada. O barco Odisea parte desde Barcelona ata Nova York e nesa travesía os protagonistas, inmersos no sono de atopar unha vida mellor, vivirán amistades, amores, desafíos... Para facernos reflexionar sobre a actualidade e pensar nos miles de emigrantes que se desplazan polo mundo, fuxindo de guerras, hambrunas ou de persecucións políticas.
- **Mujercitas**, de Louisa May Alcott. Ofrecémosvos unha maravillosa edición dun clásico da literatura co que celebramos o 150 aniversario da obra. Novela activista cun espírito revolucionario que sufríu a

censura, rompeu os prexuízos que a sociedade de aquel entón mantiña contra a existencia de mulleres escritoras. Para entendelo hai que situalo no seu contexto e valorar o seu feminismo; só así disfrutaremos da historia das catro irmás, que agarda á súa versión cinematográfica no 2019.

▪ **Frankenstein**, de **Mary Shelley** (ed. Castalia). Un clásico que cumpríu este ano o 200 aniversario da súa publicación. Ciencia, literatura, ética e filosofía, relixión... poucas obras poden unir nun só libro tantos temas, e por enriba o horror. Obra actual para reflexionar sobre as dimensións éticas da ciencia. Imprescindible.


▪ **O curioso mundo de Calpurnia Tate**, de **Jacqueline Kelly** (ed. Kalandraka). Se xa leíches *A evolución de Calpurnia Tate* (como se non, pois poden lerse por separado) e gustouche, agora encontrámonos con Calpurnia Virginia Tate e todo o seu clan; nesta descubrirá a súa vocación como veterinaria pero terá que loitar con valentía e enxeño para levar adiante o seu sono.

▪ **El corazón de las tinieblas**, de **Joseph Conrad** (ed. Libros del Zorro Rojo). Un clásico nunha nova edición atractiva e ilustrada que nos conta a aventura pola selva africana do axente comercial Marlowe, que atopará un mundo apocalíptico e tenebroso, gobernado por un cínico que simboliza a degradación moral e as contradicións do home ante a forza indómita da natureza. Coppola inspirouse nela na película *Apocalipsis now*.





POESÍA



- **Antología de la poesía gallega próxima**, edición bilingüe de María Xesús Nogueira (ed. Chan da Pólvora & Papeles Mínimos). Reúnense textos poéticos de 13 autores xoves galegos de perfís heteroxéneos, nados entre 1982 e 1996, que son Samuel Solleiro, Xabier Xil Xardón, Andrea Nunes Brións, Oriana Méndez, Lara Dopazo Ruibal, Francisco Cortegoso, Alicia Fernández, Berta Dávila, Gonzalo Hermo, Celia Parra, Jesús Castro Yáñez, Ismael Ramos y Antón Blanco. Un agasallo aos sentidos e á sensibilidade.
- **O puño e a letra**, de Yolanda Castaño (ed. Xerais). Realmente é unha antoloxía en cómic poético, xa que son 40 poemas interpretados en viñetas por 40 dos nomes máis salientables do noso panorama galego, seleccionados pola poetisa Yolanda Castaño. Liberdade creativa e poética da man para descubrir novos horizontes.
- **Street Poems**, de Fran Alonso (ed. Xerais, Sopa de Libros). A partir de 12 anos. É un libro feito con poemas escritos seguindo o street art: poemas rebeldes, inconformistas, críticos e combativos, con debuxos de graffiti, moi renovador e actual.
- **Aplicación instantánea**, de Carlos Negro (ed. Xerais, Fóra de Xogo). Premio Jules Verne 2018. Exitoso nas aulas de Secundaria dos institutos, neste poemario escoitamos catro voces con personalidade propia que fan crítica social e que rachan cos estereotipos.





- **Vida y muerte de Federico García Lorca.** A enorme figura literaria e humana de Lorca segue a dar inspiración para achegalo a todos os públicos e xeracións. Neste caso, Quique Palomo ilustra esta biografía do hispanista Ian Gibson, recentemente editada. Mistura do popular e do contemporáneo, obsesión pola inxustiza social, solidariedade cos que sufren e os perseguidos... a esencia de Lorca aparece nesta novela gráfica, que non deixa atrás ningún dos rasgos máis importantes da biografía do andaluz universal.
- **Unha longa viaxe.** Autoría de Daniel H. Chambers e ilustrado por Federico Delicado, este álbum reflicte o problema da inmigración forzosa pola gerra. Nun tempo marcado polo drama dos refuxiados, unha obra oportuna e necesaria para a reflexión, a esperanza e a solidariedade con millóns de persoas que teñen dereito a vivir en paz e en liberdade nun mundo sen fronteiras. “Unha narración agri doce, belida e intelixente” (Antonio García Teijeiro).
- **Estamos todas bien.** Premio Nacional de Cómic 2018, este cómic de Ana Penyas quere homenaxear ás mulleres dunha xeración que, anonimamente e como personaxes secundarios, contribuíron á evolución do mundo que lles tocou vivir (a posguerra civil española) nunha sociedade que deixaba ás mulleres en segundo plano e as relegaba á súa función tradicional de esposas, nais e amas de casa.
- **Cuéntalo.** Narra un episodio de violencia sexual sufrido por unha adolescente. É a versión en novela gráfica da novela do mesmo título (*Speak* en versión orixinal) publicada xa en 1999 e que foi un fenómeno editorial nos EUA. Melinda (a protagonista) leva unha pesada carga no seu interior, unha

angustia que é incapaz de compartir con ninguén; ao seu redor todo se ven abaixo, a familia, as amigas, o instituto... só lle queda unha cousa á que agarrarse, as súas clases de arte.

▪ **Matar un ruiseñor.** O clásico da autora Harper Lee sobre o racismo no sur dos EUA recibe agora esta versión de novela gráfica que engade a forza das imaxes á poderosa mensaxe da novela.

▪ **Lennon.** Adapatación ao cómic da novela biográfica escrita por David Foenkinos sobre a estrela do pop John Lennon. Os capítulos da historia son as sesións que Lennon mantivo coa súa psicóloga; a través delas, o cantante exlíder dos Beatles fai balance da súa vida e da pistas para acceder ao seu universo persoal.

▪ **Esclavos del trabajo.** Relato autobiográfico que narra a loita social e sindical da autora, Daria Bogdanska, e de toda unha xeración de xente nova (especialmente inmigrantes) que, coma ela, vive nunha situación de emprego precario, risco social e futuro incerto, polo que decide marchar de Polonia fuxindo dun pai violento e á procura dun mellor futuro. Establécese en Suecia e pouco a pouco vai sendo consciente da inxusta realidade social que lle toca vivir.



DIVULGACIÓN



▪ **Breves respuestas a las grandes preguntas.** O recoñecido físico teórico Stephen Hawking finou este ano 2018, pero deixou o seu legado en forma de ensinanzas e libros coma este, de edición póstuma, que pretende responder ás grandes preguntas dunha maneira accesible, entretida e relevante: Existe un

deus? Como empezou todo? Pódese predicir o futuro? Que hai nun buraco negro? O autor quixo condensar nun libro as respostas ás preguntas que máis frecuentemente se lle facían.

- **La vuelta al mundo de un forro polar rojo.** Aproximación ao fenómeno da globalización, contada nunha linguaxe asequible, que nos fai ser consumidores conscientes e comprometidos. O autor, o xornalista alemán Wolfgang Korn, fainos reflexionar sobre as relacións que se establecen no comercio internacional nun mundo globalizado. Unha forma entretida de tomar conciencia sobre a orixe e o destino dos produtos que empregamos no día a día e a intervención humana na súa manipulación.
- **El universo en tu mano.** Un libro para disfrutar cos coñecementos máis profundos e fundamentais do noso tempo, unha viaxe extraordinaria aos límites do tempo e do espazo. Linguaxe directa e próxima para conseguir o que o autor francés se propón no breve prefacio: que ningún lector quede descolgado e non poida seguir o fío do libro. Conseguirá ese propósito contigo?



PELÍCULAS



- **Campeones**, dirigida por Javier Fesser (2018). Divertida, sensible, para ver en familia e educar na diversidade porque temos moito que aprender deles. Moi ben interpretada aínda que o final é previsible pero emotivo.
- **Mary Shelley**, dirigida por Haifaa Al-Mansour (2018). Non podía faltar no ano da súa conmemoración a película que trata sobre a vida da autora do Frankenstein e da súa relación con Byron. Unha vida chea de contrastes, de exaltación romántica e de rebeldía...e feminista.

- **Interestellar**, dirigida por Christopher Nolan (2014). Para os amantes da ciencia ficción, das viaxes no tempo e dos efectos especiais de gran forza visual pero tamén con interesantes reflexións sobre a nosa relación co infinito.
- **Tres anuncios en las afueras**, dirigida por Martin McDonagh (2017). Drama e comedia negra que conta a historia dunha muller que aluga tres paneis publicitarios para chamar a atención sobre a violación e o asasinato da súa filla e esixir a investigación do caso. Situación peculiar como punto de partida e procura constante de xustiza dunha nai desesperada no ambiente da América profunda.
- **La decisión del rey**, dirigida por Erik Poppe (2016). Esta película noruega é unha crónica detallada dos tres días que pasou o rei para tomar unha decisión dende as súas ideas democráticas ante a ameaza nazi e os inicios da invasión ata a declaración de guerra. Ben ambientada e cun enfoque distinto cheo de elegancia visual.
- **Stefan Zweig, Adiós a Europa**, dirigida por Maria Schrader (2016). Filme biográfico sobre o intelectual austríaco Stefan Zweig, centrado sobre todo nos anos de exilio fuxindo da ameaza nazi. Intelixente, cltivado, humanista, pensador pacifista, impulsor de ideas europeístas... Así era o escritor que, coas súas ideas e a súa condición de xudeu, non tivo máis remedio que fuxir do seu país.
- **Avatar**, dirigida por dirigida por James Cameron (2009). Para dentro de dous anos está prevista a estrea de Avatar 2. Mentres tanto, podemos lembrar esta película de ciencia-ficción do ano 2009. Historia de amor dunha a princesa indíxena americana que salva a un colonizador europeo, con mensaxe ecoloxista, acción e aventuras no ano 2154. Moi bos efectos especiais.
- **Figuras ocultas**, dirigida por Theodore Melfi (2016). Cóntanos a historia verdadeira de tres brillantes mulleres científicas afroamericanas que traballaron na NASA nos anos sesenta, en plena carreira espacial coa URSS e na loita polos dereitos civís dos negros en EEUU, e sobre todo, das mulleres. Interesante historia con bos diálogos, humor; ideal para pasar un bo rato.



Bo Nadal e boas lecturas